

Spread the love



[Deixounos estes días, o 14 de outubro de 2015,](#) o

profesor da Universidade de Santiago de Compostela Nacho Mirás Fole. *Galego polos catro custados, cunha costela leonesa, aínda por riba!!* ([vide](#))

A súa fecunda traxectoria que con só 44 anos levoulle a asinar recoñecidísimas páxinas da Voz de Galicia; o seu premiado blog vital, recouvertido a literatura médica con moitísimos fans, o «[Rabudo.com](#)» (recolleito por planeta no *best seller* «[O mellor peor momento da miña vida](#)», 2014; e citado por [aca](#), allá e acullá); non fan de menos o labor

docente do Profesor Mirás Fole nas aulas de Dereito. Os seus alumnos, iniciados por tan brillante mestre nas lides da redacción, o colexio de avogados de Galicia que o premiara non fai moito, homenaxeábanno esta fin de semana, có resto de amigos, familiares e compañeiros.

Imos [dando](#) conta [dalgunhas](#) sentidas, [morriñentas](#), agarimosas [testemuñas](#) xordidas nestes [días](#), dende curunchos [electrónicos](#) diversos.

[D.E.P.](#)

Ata outra, Nacho. Vai escribindo crónicas dende o teu novo destino, que máis pronto ou máis tarde ímolas precisar. Vai escollendo cafés, bares e chiringos, que antes ou despois gozaremos xuntos tamén nesas moradas. Vai afinando a gaita, segue adestrando a pluma, e se che queda algún tempo de lecer, non esquezas achegarnos algún post. Lerémolo có corazón.